

# PLAN DE IGUALDADE

## IES A SARDIÑEIRA



*Ser libre no es solamente  
desamarrarse las propias  
cadenas, sino vivir en una  
forma que respete y mejore la  
libertad de los demás.*

*Nelson  
Mandela*

## Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.....	4
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.....	7
4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN: .....	10
4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. ....	10
4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.....	10
4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual. ....	10
4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.....	11
4.5 Prevención e eliminación da linguaxe sexista e estereotipada .....	11
5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS: .....	11
5.1 Organización do centro. ....	11
5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes..	13
5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo. ....	13
5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar. ....	14
6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	15
<b>Anexo I. Glosario de termos</b> .....	16

## 1. INTRODUCCIÓN.

O Plan de igualdade do IES A Sardiñeira é un documento programático a través do cal recollemos as medidas de acción positiva para abordar a promoción da igualdade entre mulleres e homes e para sensibilizar, previr e intervir fronte á violencia machista, que inclúe a violencia de xénero e a LGBTIfobia.

Queremos contribuír a erradicar os roles de xénero, os estereotipos, a discriminación e o sexismo na linguaxe, que aínda pervive na nosa sociedade. Educamos desde a igualdade, na diferenza, facendo entender que as diferencias de sexo no condicionan as capacidades das persoas.

Incorporamos este Plan no noso Proxecto educativo co fin de avanzar na consecución do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na nosa sociedade aínda persisten, malia os avances os estereotipos, a linguaxe sexista e a falta de oportunidades para os distintos xéneros, no acceso ó mercado laboral é unha realidade nalgúns sectores. Vemos preciso contribuír a concienciar sobre un cambio na sociedade, concienciar sobre as consecuencias de comportamentos e linguaxe sexistas e fomentar comportamentos empáticos e asertivos, abertos e dialogantes.

En resumo, trátase de promover prácticas educativas igualitarias e de incorporar o principio de igualdade no funcionamento e organización do centro, de xeito que o alumnado poida atopar referentes que extrapolar á súa realidade e contorna. Neste sentido:

- Nomearase unha persoa responsable en materia de igualdade no seo do Consello Escolar, que participará nas reunións da Comisión de convivencia.
- Activaranse protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias á convivencia por razóns de xénero.
- Difundirase o presente plan entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
- Promoverase una educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro. Promoverase una orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero. Realizaranse de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo de conmemorar as principais datas do calendario escolar.

Os principios que guiarán este Plan son:

- A igualdade entre homes e mulleres
- Respecto dos dereitos, e deberes de toda a comunidade educativa.
- Transversalidade na educación
- Educación na diversidade e igualdade.
- A necesidade de ser corresponsables
- Resolución pacífica de conflitos e desencontros

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.

[Constitución](#) (artigos 9.2 e 14)

[Real Decreto 1686 /2000 do 6 de outubro](#)

[Lei orgánica 3/2020 de 29 de decembro LOMLOE](#)

[Lei 3/2007, do 15 de marzo](#)

[Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo](#). Título IV (artigos 23 e 24) Estatuto de Autonomía de Galicia (1981). Artigo 4.1

[Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de homes e mulleres.](#)

[Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.](#)

[Decreto 8/2015 de 8 de xaneiro: Convivencia e participación da comunidade educativa](#)

[Decreto lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro](#). Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres

[Decreto 156/2022 do 15 de setembro](#) (Curriculum ESO)

[Decreto 157/2022 do 15 de setembro](#). (Curriculum BAC)

[Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional.](#)

[Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero \(abril 2016\)](#)

[Instrución do 6 de setembro de 2019, da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa, para a elaboración de plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da consellería de educación, universidade e formación profesional.](#)

[Ley Orgánica de Educación](#) (BOE núm. 106 de 4 de mayo de 2006). Título Preliminar. Capítulo I. Artículos 1, 2 y 24. Capítulo II. Art. 18. Capítulo III. Art. 23, 24 y 25. Capítulo IV. Art. 33. Capítulo V. Art. 40. Capítulo IX. Art. 66. Título III. Capítulo I. Art. 91. Capítulo III. Art. 102. Título V. Capítulo III. Art. 126, 127. Título VII. Capítulo I. Art. 151. Disposición adicional cuarta. Disposición adicional vigésimo primera. Disposición adicional vigésimo quinta.

[Ley Orgánica 1/2004 de 28 de diciembre](#) de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género (BOE núm. 313 de 29 de diciembre de 2004) Título I. Capítulo I. Artículos 4, 5, 6, 7, 8 y 9.

[Ley orgánica 2/2010 de 3 de marzo](#), de salud sexual y reproductiva y de la interrupción voluntaria del embarazo

[Convención de la ONU](#) sobre la eliminación de todas formas de discriminación contra la mujer  
[Convenio de Estambul](#), BOE 6 de junio 2014. Instrumento de ratificación del Convenio del Consejo de Europa sobre prevención y lucha contra la violencia contra la mujer y la violencia doméstica, hecho en Estambul el 11 de mayo de 2011

### **Normativa autonómica**

[Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-20120](#)

[Protocolo de identidade de xénero](#)

[Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.](#)

[VII Plan estratéxico de Galicia](#) para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020

Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro pola que se aproba o texto refundido das [disposicións legais da comunidade autónoma de Galicia en materia de igualdade.](#)

Web de Igualdade da xunta: <https://www.edu.xunta.gal/portal/es/igualdade>

Como facer un plan de Igualdade: <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/28553>

[Materiais para a Coeducación. Claves para a elaboración Plan de coeducación nun centro de ensino \(2019\) CIGA Ensino](#)

[DECRETO 63/2016, do 28 de abril, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Operacións de Laboratorio.](#)

[Decreto 221/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en laboratorio de análise e de control de calidade.](#)

[Decreto 63/2010, do 25 de marzo, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en química industrial.](#)

Educación en igualdade supón un reto que se basea no respecto da igualdade entre mulleres e homes.

Este principio debe estar presente no sistema educativo. Debemos garantir a igualdade tanto nos no ámbito académico e en todas aquelas actividades, comunicación ou prácticas da vida diaria nun centro educativo.

As diferenzas entre homes e mulleres non poden ser causa de desigualdade ou desvantaxe. A cultura da igualdade suporá o exercicio da liberdade e a adquisición das máximas competencias para homes e mulleres. No centro educativo débense terminar os roles sexistas, que persisten hoxe en día na sociedade.

O centro educativo é un lugar de socialización, que transmite valores, cultura e respecto á diversidade.

O centro educativo debe ser un modelo de inclusión e respecto á igualdade e diversidade da sociedade, terminando cos prexuízos e os roles de xénero.

Seguindo as instrucións ditadas pola consellería de Educación do 6 de setembro de 2019 e o marco lexislativo estatal e da Xunta de Galicia elaboramos esta proposta para implementar o plan de igualdade.

O obxectivo principal deste Plan é promover a igualdade real e acabar coa transmisión de estereotipos e roles de xénero que existen na sociedade, ofrecendo ao noso alumnado idénticas oportunidades.

A través das actividades complementarias e extraescolares e dos distintos proxectos do centro traballarase e promocionarase esta igualdade, sen que ningunha actividade fomente a continuación de estereotipos, roles sexistas ou desigualdades.

Farase especial fincapé no respecto á diversidade afectivosexual, a previr a violencia de xénero e a educación emocional.

### 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.

Neste apartado analizamos a situacións de partida do centro para afrontar os desequilibrios sociais que se dan arredor do xénero.

Análise DAFO.

<p>Debilidades</p>	<p>Non existe ata este documento o Plan de Igualdade no noso centro, só accións relacionadas ca igualdade noutros documentos.</p> <p>Parte do alumnado e das familias mantén estereotipos e convencións culturais pouco igualitarias.</p> <p>Certa agresividade verbal en parte da comunidade educativa .Déficit de habilidades sociais no alumnado</p> <p>Utilización de linguaxe sexista e de estereotipos</p>
<p>Fortalezas</p>	<p>Gran diversidade cultural, de nacionalidade do noso alumnado Boa relación entre o claustro do profesorado.</p> <p>Integración de alumnado e profesorado estranxeiro: auxiliares de conversa, intercambios lingüístico.</p> <p>Boas relacións coas institucións.</p> <p>Boa convivencia profesorado-alumnado Diversidade e internacionalización do centro</p> <p>Aspectos positivos da nosa cultura e lexislación</p> <p>Persoal docente e non docente sensible</p>

Oportunidades	Convocatorias dos Contratos programa, (CP Inclúe, CP innova,...) PFPP do centro, constitución dun grupo de traballo. Renovación do equipo directivo. Novas convocatorias Participación en diferentes liñas do Plan Proxecta. Semana cultural interdepartamental, conmemoración de datas como día da Muller na ciencia, 8 de marzo,... Obradoiros e charlas organizadas por Vicedirección e Orientación
Ameazas	Tradicionalismo, cultura social, sexismo instaurado na linguaxe da sociedade, déficit de habilidades sociais en certos sectores da comunidade educativa.

Analizamos, a continuación, datos de interese, segundo as instrución do 6 de setembro de 2019, para a contextualización da situación do centro en relación coa igualdade:

### Datos Curso 22-23.

**Composición en cargos:** 34,5% de homes e 65,5% de mulleres. **Composición do profesorado:** 29,7% de homes e 70,3% de mulleres

**Composición do alumnado:** 50% de homes e 50% de mulleres, dun total de 566 alumnos e alumnas. A porcentaxe de cada curso sería:

1º ESO: 52,6% de homes e 47,4% de mulleres (total alumnado 78) 2º ESO: 48,2% de homes e 51,8% de mulleres (total alumnado 83) 3º ESO: 53,8% de homes e 46,2% de mulleres (total alumnado 65) 4º ESO: 50,6% de homes e 49,4% de mulleres (total alumnado 77) 1º BAC: 47,1% de homes e 52,9% de mulleres (total alumnado 34) 2º BAC: 48,3% de homes e 51,7% de mulleres (total alumnado 29) 1º CMOL: 59,1% de homes e 40,9% de mulleres (total alumnado 22) 2º CMOL: 53,3% de homes e 46,7% de mulleres (total alumnado 15) 1º LACC: 50% de homes e 50% de mulleres (total alumnado 22)

2º LACC: 36% de homes e 64% de mulleres (total alumnado 25) 1º QI: 61,9% de homes e 38,1% de mulleres (total alumnado 21) 2º QI: 70,6% de homes e 29,4% de mulleres (total alumnado 17) DUAL: 52,4% de homes e 47,6% de mulleres (total alumnado 21)

LACC-Adultos\_A: 30,8% de homes e 69,2% de mulleres (total alumnado 26) LACC-



Adultos\_B: 36,8% de homes e 63,2% de mulleres (total alumnado 19) LACC-Adultos\_FCT:  
50% de homes e 50% de mulleres (total alumnado 12)

**Composición do persoal de administración e servizos:** 20% de homes e 80% de mulleres

**Composición do consello escolar:** 28,6% de homes e 71,4% de mulleres

**Datos sobre resultados académicos titulados:** 41'4% homes e 58'6% mulleres. Datos  
titulados curso 21-22, dun total de 133 alumnos e alumnas. A porcentaxe de cada curso sería:

ESO: 43,2% de homes e 56,8% de mulleres (total alumnado 44) BAC: 23,3% de homes e 76,7%  
de mulleres (total alumnado 30)

CMOL: 35,7% de homes e 64,3% de mulleres (total alumnado 14) LACC: 50% de homes e  
50% de mulleres (total alumnado 10)

QI: 68,75% de homes e 31,25% de mulleres (total alumnado 16)

LACC-Adultos: 42,1% de homes e 57,9% de mulleres (total alumnado 19)

**Datos sobre absentismo escolar:** 60% alumnas; 40% alumnos. (Datos curso 21-22 rexistrados  
por Sede electrónica e notificados a Servizos sociais).

**Actividades de voluntariado:** obsérvanse diferencias significativas, en canto a participación  
por sexos, xa que maioritariamente participan mulleres.

**No referente a procedementos correctores e partes:**

Obsérvanse importantes diferencias no que se refire ás condutas contrarias á convivencia,  
sendo moito máis frecuentes en alumnos que en alumnas. Por exemplo, analizados os datos  
dende o inicio do curso 22-23 ata o momento de elaboración deste documento, o número de  
alumnos

con partes de convivencia **triplica** o das alumnas. No caso dos procedementos correctores,  
incoáronse o **dobro de expedientes** a alumnos que a alumnas.

Non existen no curso actual procedementos correctores relacionados ca diversifobia ou a  
violencia de xénero.

No noso centro existen baños non binarios.

### **Situación do centro en relación coa diversifobia.**

Realízanse charlas, conferencias, obradoiros e actividades para fomentar o respecto á diversidade sexual e o rexeitamento á diversifobia ou LGTBIfobia.

O obxectivo é realizar actividades de sensibilización e información para fomentar o respecto a o colectivo

LGTBI e o aprecio a diversidade sexual.

Difundense desde a web, o blog de Vicedirección e taboleiros do centro información e accións de visibilización e apoio ao colectivo LGTB.

**Análise do material didáctico**  
Na biblioteca hai unha selección do material didáctico específico para combatir a diversifobia, LGTBfobia e traballar a igualdade e o benestar emocional.

## **4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN**

### **4.1 Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.**

Ofertar todas as actividades, plans, proxectos e participación no centro de forma igualitaria para homes e mulleres. Unha sociedade xusta só pode acadarse se toda a comunidade ten as mesmas oportunidades. Neste sentido, o centro é garante de igualdade de oportunidades, amosando referentes de diferentes xéneros.

### **4.2 Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**

Axudar a identificar posibles situación de violencia de xénero, informando ás autoridades competentes, se procede.

Sensibilizar sobre a violencia de xénero, fomentando valores de respecto, autoestima, responsabilidade, empatía e xenerosidade.

### **4.3 Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**

Transmitir valores relacionados coa diversidade sexual e fomentar o respecto entre o noso alumnado, profesorado e comunidade e garantir a construción dunha sociedade máis segura e pacífica.

Sensibilizar sobre a diversidade afectivo sexual a través dos distintos proxectos e actividades de centro.

#### **4.4 Prevención, detección e intervención en casos de LGBTifobia.**

A LGBTifobia Coñécense por este acrónimo condutas ou manifestacións de rexeitamento, invisibilidade, negación, discriminación ou exclusión dirixidas a persoas por motivo da súa orientación, identidade, expresión de xénero ou simplemente por afastarse dos estereotipos sociais atribuídos a homes e mulleres. Neste sentido traballaremos para:

- Previr chistes, risas, burlas, agresións, sentimentos de animadversión ou outras condutas LGTBI fóbicas.
- Loitar contra a invisibilización ou negación destas realidades.

#### **4.5 Prevención e eliminación da linguaxe sexista e estereotipada**

Eliminar a linguaxe sexista: o sexismo está presente en diferentes ámbitos tamén na linguaxe. Erradicar a linguaxe sexista supón evitar a discriminación e a invisibilización. O uso dunha linguaxe axeitada mellora as relacións e evita situacións de conflito. O uso axeitado contribúe, ademais, ao recoñecemento da realidade social.

### **5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUENTES ÁMBITOS:**

#### **5.1 Organización do centro.**

Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso da implementación do Plan de igualdade.

Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).

Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.

Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.

Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.

Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).

Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.

Concretar o desenvolvemento curricular da orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foco na incorporación aos itinerarios na ESO, ás modalidades no bacharelato e aos ciclos de formación profesional.

Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.

Usar os diferentes espazos do centro de forma igualitaria:

- Promover actividades complementarias e extraescolares de sensibilización (talleres, charlas, conferencias, encontros, obradoiros,...).
- Intensificar a coordinación ca biblioteca do centro e creación dun recuncho para a igualdade: promoción de lecturas inclusivas, merca de fondos,...
- Revisar os documentos de centro: Promoción do respecto cara a diversidade sexual e de xénero, corrixindo actitudes, comentarios, comportamentos e sancionando faltas de respecto (NOF, Plan de convivencia, lexislación vixente).
- Difundir información a través dun taboleiro no centro.
- Promover a linguaxe inclusiva e non sexista na escrita.
- Consolidar unha linguaxe inclusiva escrita en todos os documentos internos do centro, cartas e comunicados, cartelería, boletíns... así como nos documentos oficiais.
- Sensibilizar e concienciar ao alumnado en materia de igualdade de oportunidades para promover unha reflexión que redunde nunha actitude de corresponsabilidade de homes e mulleres e de valores no ámbito escolar e social.
- Avanzar na introdución de mulleres nos currículos das materias.
- Realizar e conmemorar actividades en pro da igualdade:
  - 11 de outubro: Día Internacional da Nena
  - 15 de outubro: Día Mundial da Muller Rural
  - 25 de novembro: Día Internacional para a Eliminación da Violencia de Xénero
  - 11 de febreiro: Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia
  - 8 de marzo: Día Internacional da Mulleres
  - 31 de marzo: Día Internacional da Visibilidade Transxénero
  - 15 de maio: Día das Familias
  - 17 de maio: Día contra a Homofobia e a Transfobia
  - 24 de maio: Día internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme.

## **5.2 Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.**

Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde una perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade. Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades). Realizar actividades de sensibilización na aula.

Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.

Empregar unha linguaxe inclusiva nas comunicación externas e internas, nos órganos colexiados, nas reunións realizadas con diversos sectores da comunidade educativa, co alumnado,...

Impulsar a formación do profesorado, grupos de traballo e participación en programas e convocatorias relacionadas ca igualdade, como CP iguálate, CP Inclúete, distintas liñas do Plan Proxecta...

Realizar titorías coeducativas.

Reflexionar sobre as causas que xeran discriminación sexual baseadas en estereotipos de xénero.

Observar as diferenzas nas escollos entre mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...).

Valorar o poder da publicidade na construción do xénero.

Comparar os modelos de comportamento que representan homes e mulleres no seu contorno (familia, escola,...).

Promover a orientación académico- profesional libre de estereotipos de xénero.

## **5.3 Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.**

Difundir información a través dun taboleiro no centro.

Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.

Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.

Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.

Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.

Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.

Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.

Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.

Previr o acoso sexual, por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero do alumnado na realización da fase de prácticas na empresa como parte da prevención de riscos laborais.

Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

Favorecer a inclusión no recreo: implementar os recreos inclusivos.

Xestionar actividades e ocupación do patio para promover a a participación das nenas nos espazos públicos.

Conferencias e charlas do departamento de Orientación e outras institucións sobre as vocacións laborais, a erradicación de estereotipos no mercado laboral, referentes de homes e mulleres,...

#### **5.4 Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.**

Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.

Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.

Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.

Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.

Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.

Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

Promover actuacións dun programa de habilidades sociais: empatía, asertividade, resolución pacífica de conflitos, autoestima,...

Realizar un Plan lector coeducativo.

Rexeitar abertamente calquera manifestación de diversifobia.

Rexeitar a discriminación pola orientación ou identidade sexual.

Desenvolver a atención ao alumnado LGTBI por medio de materiais e accións na aula.

Fomentar o respecto á diversidade afectivo-sexual.

Visibilizar a diversidade afectivo-sexual.

Visibilizar a diversidade afectivo sexual.

Coñecer e respectar diferentes modelos de familia.

## **6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.**

Farase un seguimento trimestral do Plan, que será presentado na Comisión de convivencia, Claustro e no Consello escolar.

Cada curso, na memoria final, o Equipo directivo en colaboración co coordinador/a de igualdade, farán un seguimento e avaliación do Plan, que incluírase na memoria final anual.

Farase unha valoración do impacto das actuacións e as posibles propostas de mellora.

Analizarase cando menos o grao de cumprimento dos obxectivos e as medidas concretas de actuación levadas a cabo trimestralmente.

O Plan de igualdade incluírase como anexo da Programación xeral anual.

## Anexo I. Glosario de termos

### Glosario de termos de políticas de igualdade e estudos en xénero

**Colectivo LGTBI.** Son as siglas que designan internacionalmente a homes e mulleres homosexuais, bisexuais, transexuais e intersexuais.

**Corresponsabilidade.** Reparto equitativo das responsabilidades sociais, familiares e profesionais, entre ámbolos sexos, de tal xeito que o sustento económico da familia – tradicionalmente asignado aos homes–, así como tamén as tarefas domésticas e o coidado das persoas –tradicionalmente asignados ás mulleres sexan asumidos e compartidos por tódalas persoas da unidade de convivencia.

**Feminicidio.** Asasinato de mulleres por causas asociadas á desigualdade de xénero.

**Feminismo.** Movemento social, político, filosófico, económico, científico e cultural que denuncia, desvela, transgride e loita pola erradicación do sistema social imperante. O seu obxectivo é a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

**Identidade sexual.** É un xuízo baseado na percepción da propia figura corporal. Está baseada nas diferenzas sexuais máis visibles. Fórmase ao longo dos tres primeiros anos de vida.

**Identidade de xénero.** É un xuízo de auto clasificación baseado na construción psicolóxica, social e cultural das características masculinas ou femininas habitualmente atribuídas a homes e mulleres.

**Patriarcado.** Etimoloxicamente, patriarcado procede do grego e significa “goberno dospais”. O adxectivo patriarcal describe unha estrutura na que os varóns teñen poder sobre as mulleres. Gerda Lerner (1986) definiuno como “a manifestación e institucionalización do dominio masculino sobre as mulleres e nenos/as da familia e a ampliación dese dominio sobre amulleres na sociedade en xeral”



**Sororidade.** Irmandade entre mulleres para eliminar a presión patriarcal.

**Transxénero.** Termo xenérico que se emprega para describir a persoas que en diferentes formas se identifican co xénero oposto ao das súas características fisiolóxicas de nacemento.